

## ACORDO DE 15ª PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A RESERVA E OCUPACIÓN DE PRAZAS EN CENTRO OCUPACIONAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE NA ÁREA METROPOLITANA 1 DO MAPA GALEGO DE SERVIZOS SOCIAIS NA MODALIDADE DE CONCERTO

Expediente de contratación PA 67/2009 Lote 4.1

Dunha parte, dona María Francisca Gómez Santos, en calidade de secretaria xeral técnica, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Xuventude, en virtude das competencias que lle confire o artigo 1 da Orde do 3 de marzo do 2016, sobre delegacións de competencias nos órganos superiores e nos/as xefes/as dos departamentos territoriais da Consellería de Política Social e Xuventude (DOG nº 54, do 18/03/2016), así como pola disposición adicional 2ª do Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG nº 119 do 23 de xuño de 2023).

E doutra, D/Dona Juan Manuel Victoria Meizoso con DNI 32568186W, en nome e representación da entidade ASOCIACIÓN NUESTRA SEÑORA DE CHAMORRO co CIF G15028889, segundo a verificación de suficiencia dilixenciada mediante poder bastanteado.

Ámbalas partes recoñécense competencias e capacidade, respectivamente, para formalizar o presente acordo de 15ª prórroga do contrato de xestión de servizo público e outórgano con base aos seguintes:

### ANTECEDENTES

1. O día 1 de decembro de 2009 asinouse un contrato entre o órgano de contratación da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia maila entidade ASOCIACIÓN NUESTRA SEÑORA DE CHAMORRO para a xestión do servizo de reserva e ocupación de prazas no/s centro/s seguinte/s:

Nome do centro	Localidade	Provincia
CENTRO OCUPACIONAL NTRA SRA DEL CHAMORRO	Narón	A Coruña





O prazo de execución estendíase ata o 31 de decembro de 2010, atopándose actualmente vixente o mesmo ata a data do 31 de outubro de 2023.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS OU TÉCNICAS

1. Que a Consellería de Política Social e Xuventude é o departamento competente de conformidade coa habilitación que lle outorga o Decreto 124/2022, do 23 de xuño (DOG núm. 130 do 8 de xullo do 2022), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.
2. Que as necesidades que, no seu momento, motivaron a súa contratación permanecen vixentes.
3. Que sendo de aplicación as previsións en materia de contratación, segundo as que o contrato de xestión de servizos públicos non poderá ter carácter perpetuo ou indefinido, fixándose necesariamente no prego de cláusulas administrativas particulares a súa duración e a das prórrogas de que poida ser obxecto, sen que poida exceder a súa duración do 30 de novembro de 2034.
4. Con data 5 de outubro de 2023 a entidade expresa o seu interese en prorrogar o contrato polo período comprendido entre o 1 de novembro de 2023 e a data de formalización do correspondente acordo de concerto social e, como máximo, ata o 29 de febreiro de 2024.
5. O día 13 de outubro de 2023 a Asesoría Xurídica informa favorablemente a tramitación da prórroga do contrato.
6. O órgano de contratación da Consellería de Política Social e Xuventude o día 26 de outubro de 2023 resolve autorizar a 15ª prórroga do contrato a proposta da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade xa que as circunstancias que no seu momento motivaron a súa contratación permanecen vixentes.
7. A autorización do gasto maila súa fiscalización efectuáronse polos órganos competentes o día 26 de outubro de 2023 por un importe total de 282.870,03 euros.

É por todo o exposto, que as partes asinantes,



## ACORDAN:

1. A 15ª prórroga polo período comprendido entre o 1 de novembro de 2023 e a data de formalización do correspondente acordo de concerto social e, como máximo, ata o 29 de febreiro de 2024, do contrato para RESERVA E OCUPACIÓN DE PRAZAS EN CENTRO OCUPACIONAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE NA ÁREA METROPOLITANA 1 DO MAPA GALEGO DE SERVIZOS SOCIAIS NA MODALIDADE DE CONCERTO, de acordo co seguinte:

Resumo de prazas e prezos:

Réxime das prazas	Núm. prazas	Prezo unitario/estimado praza (inclúe a achega do usuario)	Prezo praza/mes a aboar pola administración
Atención diúrna ocupacional Media Pensión 220 días	97	632,92	489,31
Transporte Media Pensión 220 días	107	10,25	9,22
Compensación transporte (Grupo I) Medidas especiais de accesibilidade 220 días		4,37	4,37
Compensación transporte (Grupo II) Medidas especiais de accesibilidade 220 días		19,33	19,33

2. O importe da 15ª prórroga ascende a un total de 290.885,61 euros, para o que existe crédito axeitado e suficiente para os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023/2024 e que se financiarán con cargo ás aplicacións orzamentarias:
  - Servizos asistenciais: 13.04.312D.228.2 (Cód.Prox.: 2006 435)
  - Servizos de transporte: 13.04.312D.228.2 (Cód.Prox.: 2009 250)
  - Servizos compensación transporte Grupo I: 13.04.312D.228.2 (Cód.Prox.: 2009 250)
  - Servizos compensación transporte Grupo II: 13.04.312D.228.2 (Cód.Prox.: 2009 250)
3. Os prezos de contratación serán revisados segundo a variación que experimentou o IPC galego, tendo en conta a aplicación do artigo 77 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, a partir do 1 de xaneiro de 2024.

O presente acordo poderá ser elevado a escritura pública cando o solicite o contratista, sendo á súa costa os gastos derivados do seu outorgamento.

E para que así conste e en proba de conformidade coas estipulacións do presente contrato, ámbalas dúas partes asinan o mesmo por duplicado no lugar e data arriba indicados.

**O órgano de contratación,**

**A entidade,**

